



Federación Galega
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidente

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
REXISTRO XERAL

ENTRADA N° _____

SAÍDA N° 127

DATA: 12/04/2016

**A/A DNA ANA MARÍA DÍAZ LÓPEZ
DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En relación co anteproxecto de Lei de Protección e Benestar dos Animais de compañía de Galicia, dentro do prazo establecido, a continuación trasladámoslle-las achegas desta Federación Galega de Caza ao referido anteproxecto, en concreto coa exposición e motivos e cos artigos 4.2, 4.18, 4.19; 7.3.a), 7.3.b), 7.3.c); 9.1.c), 9.1.p), 9.1.q); 11.4; 12.3; 14.4; 21.1.d), 21.2; 28; 34.4; 38.i), 38.k), 38.m), 38.o), 38.p); 39.c), 39.d), 39.m), 39.n); 40.k); 42.5; 49.1; e Disposición Adicional primeira (apartado 2º); para os cales propoñemos a seguinte redacción alternativa en base aos argumentos que se sinalan nos comentarios que constan a continuación de cadaún dos artigos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comentario: No anteproxecto botamos en falla que non se contemplan as peculiaridades propias dos cans de caza, aínda que só fose para sinalar que se rexeran pola súa propia normativa en tódolos aspectos que aquela regule, sendo no seu caso obviamente de aplicación preferente aquela normativa específica, en xeral obsérvase que este anteproxecto está pensado para as mascotas en entornos urbanos.

ARTIGO 4

- 2. Animais domésticos:** aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no entorno do fogar, así como os de acompañamento, conducción e axuda de persoas con discapacidade recoñecida, e as aves de presa nadas e criadas en cativeiro.
- 18. Canceira deportiva:** núcleo zoolóxico dedicado ao fomento, cría e coidado de cans coa finalidade da práctica dalgunha modalidade deportiva, incluída a actividade cinexética, que albergue unha cantidade mínima de 15 cans, maiores de 3 meses de idade.
- ~~**19. Aves de presa en cativeiro:** aquelas especies de aves e os seus híbridos pertencentes aos ordes falconiformes e estrixiformes.~~



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo 2 e Aptdo 19.- Proponse a consideración de animais domésticos para as aves de presa que naceron e son criadas en cativeiro, e en consonancia con esta proposta elimínase o art. 4.19.

Aptdo. 18.- Proponse a cantidade mínima de 15 cans para equipara-lo núcleo zoolóxico á manda que establece o art. 64.4 da Lei 13/2013, de caza de Galicia.

ARTIGO 7.3

- a) Colaborar coas autoridades e os seus axentes, **facilitándolle** toda documentación e información lles fose requirida, **así como na práctica de calquera dilixencia de investigación, exame, ou proba que consideren necesaria para comprobar que as disposicións legais contidas nesta lei se observan correctamente.**
- b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, e no caso dos cans deberán levarlos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo o caso, baixo o control e responsabilidade dos seus propietarios/as ou dos/as seus posuidores/as, e evitar danos ou molestias aos viandantes. Os cans guías de persoas con disfuncións visuais estarán exentos en calquera situación de ser conducidos con buceira.
- Así mesmo deberase impedir o libre acceso ao lugar onde se atopen os animais, ás persoas ou a outros animais, **agás naquelas actividades legalmente reguladas nas que os animais necesiten transitar en liberdade.**
- c) Adoptar as medidas necesarias para impedir que os animais ensucien as vías e espazos **urbanos** públicos e privados de uso común, debendo recoller os excrementos que os animais depositen en calquera destes espazos.

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo a).- Proponse a redacción anterior en consonancia co establecido no art. 75.3 da Lei 13/2013, de caza de Galicia que regula as facultades de vixilancia e inspección dos axentes da autoridade nesta materia, considerando que podería atentar contra o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE) ou ben non garantirse os principios de proporcionalidade, necesidade e racionalidade que deben rexer a actuación dos axentes si se mantén a obriga de colaborar permitindo a entrada dos mesmos a lugares que non figuran determinados pola norma.

Aptdo b).- Entre estas actividades atopase necesariamente a cinxética que como xa se apuntou debe rexerse pola súa normativa específica.

Aptdo c).- Engádese "urbanos", xa que se entende que nos montes e parcelas rurais non debe rexer obviamente tal obriga.



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

ARTIGO 9.1

- c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou estres innecesarios, en especial, os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, salvo prescrición veterinaria. Queda expresamente prohibido o emprego de instrumentos ou métodos de suxeición, retención ou educación daniosos, **empregados con fins de castigo ao animal e non homologados para o seu uso polo marcado C.E.**
- p) Alimentar aos animais **sin dono** en espazos públicos sen a correspondente autorización municipal.
- q) Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, coa excepción dos adestradores de cans de empresas de seguridade. Neste punto, prohibese expresamente, implicar aos animais en pelexas, ataques ou agresións incluíndo a súa organización, así como incitalos, permitirilles ou non impedirilles atacar a unha persoa ou a calesquera outro animal.

Proponse engadir o seguinte parágrafo:

Non se considerará agresión a outros animais aquelas que ocasionalmente poidan producirse no transcurso de accións cinexéticas legalmente autorizadas, así como no caso dos cans de garda na zona de pastoreo.

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo c).- Coa redacción anterior pretendemos que se permita exclusivamente o uso daqueles colares que non xeran ningún tipo de dor físico nin psicolóxico ao animal, por exemplo beeper ou tecnoloxía GPS sempre que estes estean homologados co CE (conformité Européenne: marca europea para certos grupos de servizos e produtos industriais que se apoia na Directiva 93/68 EEC). Elimínase a mención expresa aos colares xa que consideramos que debe permitirse - alomenos nas actividades cinexéticas- o uso daqueles que non xerando dor físico ao animal e sempre que teñan o indicador de conformidade do produto coa lexislación europea (CE Conformité Européenne, non confundir con CE Chinese Export) en canto ao cumprimento dos requisitos legais e técnicos de seguridade esixidos nos estados membros UE, poidan ser moi útiles e ata imprescindibles aos fins de localización ou adestramento.

Aptdo p).- Consideramos que debe facerse o matiz de que se trate de animais sen dono, dado que doutro xeito poderían estar incluídas conductas tales como dar de beber a un can no monte ou ao finalizar a xornada cinexética.

Aptdo q).- Engadese o parágrafo antedito xa que consideramos que deben exceptionarse as actividades cinexéticas e o pastoreo.

ARTIGO 11

4. Queda prohibido o seu transporte nos maleteros **totalmente** pechados e **sen ventilación axeitada, así como** atalos a vehículos de motor en marcha.



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Comentario sobre a proposta de modificación: Consideramos que debe facerse o matiz de que se trate de habitáculos absolutamente pechados e sen ventilación co fin de que quede perfectamente delimitada a conduta obxecto de prohibición.

ARTIGO 12

3. A inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía, sen prexuízo dos demais requisitos establecidos regulamentariamente, conterá o código identificador do animal, a especie e raza, sexo, data do nacemento, enderezo habitual do animal, xunto cos datos identificativos do seu propietario.

O cambio de titularidade dun animal de compañía será comunicado ao devandito Rexistro tanto polo cedente como polo adquirente da súa titularidade, no prazo máximo de **un mes** dende que se produza a efectiva entrega do mesmo.

Quedan exceptuados da obriga de inscrición no Rexistro, os cans que proveñan doutros territorios do Estado, e que permanezan transitoriamente en Galicia un período de tempo inferior a tres meses.

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo 3.- O prazo de 3 días é excesivamente curto para calquera trámite administrativo, debendo ter en conta a necesidade de desprazamento, o horario das oficinas, o carácter hábil dos sábados, etc.

ARTIGO 14

1. Toda celebración de certames, concursos, exposicións ou exhibicións, feiras, ou calquera outra actividade con animais, deberá ser obxecto de autorización previa á súa realización, outorgada pola consellería competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se establezan e, sen prexuízo de calquera outra autorización que sexa preceptiva.
2. En todo caso deberáse dispor dun espazo axeitado no que poidan atenderse, aqueles animais que precisen asistencia, e dun equipamento básico, co material imprescindible para estabilizar e trasladar ó animal a un centro veterinario axeitado cando se requira.
3. As solicitudes de autorización para a celebración dos eventos sinalados no apartado 1, serán presentadas polos organizadores cunha antelación mínima dun mes previa á celebración, e deberán acompañarse dunha memoria cos aspectos que se determinen regulamentariamente. A entidade organizadora deberá responsabilizarse de que todos os animais participantes cumpran cos requisitos legais establecidos para esa especie.



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Proponse engadir o seguinte punto 4:

- 4. Quedarían exceptuadas deste precepto as actividades cinxéticas que se rexerán pola súa propia regulamentación.**

Comentario sobre a proposta de modificación: *Proponse engadir o antedito apartado xa que as probas e competicións cinxéticas réxense pola súa propia normativa.*

ARTIGO 21

- 1.d)** Comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC) o extravío do animal no prazo máximo de 72 horas dende que se teña coñecemento de tales feitos, así como calquera cambio na titularidade ou a morte do animal no prazo máximo de un mes. No suposto de transmisión da titularidade, esta obriga atinxe tanto á persoa que entrega como á que adquire o animal.
2. A tenza de animais domésticos en vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, as circunstancias hixiénicas óptimas, e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de 5 animais, **maiores de 3 meses**, pertencentes á especie canina, felina ou calquera outra que regulamentariamente se determine, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellería competente en materia de protección animal, de acordo co establecido no artigo 10 desta Lei.

Non obstante, cando a xuízo da autoridade competente a tenza destes animais poida comportar un risco sanitario ou se precisen unhas determinadas condicións para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares, de acordo co establecido no citado artigo 10.

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo 1.d). - *Se ben se considera axeitado o prazo de 72 h no caso de perda do animal, enténdese que o cambio de titularidade e a morte do animal debe ter un prazo máis longo en coherencia co xa argumentado ao art. 12.3*

Aptdo 2. - *Consideramos que debe engadirse o matiz de maiores de 3 meses en coherencia co disposto no art. 4.18*

ARTIGO 28

En consonancia coa proposta realizada no art.4.2, propónse a eliminación de todo o artigo 28 (Aves de presa en cativeiro).



Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

ARTIGO 34

4. O servizo de censo, poderá ser obxecto dunha taxa fiscal.

Comentario sobre a proposta de modificación: Consideramos que se ben o servizo de censo pode e de feito está sometido a taxa, non consideramos axeitado gravar a vixilancia e inspección.

ARTIGO 38

- i) O transporte dos animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros **totalmente pechados e sen ventilación axeitada**, sempre que os animais non sufran danos evidentes.
- k) Alimentar aos animais, **sen dono**, na vía pública sen a correspondente autorización municipal.
- m) Manter no mesmo domicilio máis de cinco animais de compañía **maiores de 3 meses** sen a comunicación previa establecida no punto 2 do artigo 21
- o) A non identificación dos animais nos supostos previstos nesta lei
- p) O emprego de colares **non homologados** ou métodos de suxeicións que lles causen danos ou dor **de forma intencionada**.

Comentarios sobre a proposta de modificación:

Aptdo i).- Proponse a redacción citada, en consonancia co proposto no artigo 11.4

Aptdo k).- Proponse a citada redacción en coherencia co xa exposto no artigo 9.1.p)

Aptdo m).- Proponse a citada redacción en coherencia co xa exposto artigo 21.2)

Aptdo o).- Esta infracción estaba no apartado c) de graves, entendemos que se debe manter en leve tal e como estaba na lei anterior

Aptdo p).- Esta infracción estaba no apartado d) de graves, entendemos que se debe pasar a leve

ARTIGO 39

- c) Eliminar de graves e pasar a leve "A non identificación dos animais nos supostos previstos nesta lei"
- d) Eliminar de graves e pasar a leve "O emprego de colares ou métodos de suxeicións que lles causen danos ou dor"
- m) A cría de animais **con fins comerciais** sen cumprir cos requisitos correspondentes ou fóra dos lugares autorizados.
- n) A recollida de animais extraviados ou abandonados sen a correspondente autorización, **nin comunicalo á autoridade competente no prazo de 72 horas**, e/ou a súa cesión en adopción sen cumprir os requisitos establecidos nesta lei.



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Comentario sobre a proposta de modificacións anteriores:

Aptdo c).- Proponse pasar a leve

Aptdo d).- Proponse eliminar a mención aos colares

Aptdo m).- Proponse engadir a cría con fins comerciais en coherencia co disposto no art. 13.1

Aptdo n).- Proponse engadir sen poñelo en coñecemento da autoridade xa que noutro caso podería sancionarse a conduta darecollida dun animal extraviado co fin de devolverllo ao seu dono.

ARTIGO 40

- k) Disparar aos animais, agás nos supostos contemplados no artigo 15 desta Lei, **ou no caso de accidentes fortuítos.**

Comentario sobre a proposta de modificación: Considerase que un disparo accidental a un animal –por exemplo no transcurso dun lance cinexético- non pode ser obxecto dunha sanción moi grave.

ARTIGO 42

5. Inhabilitación para a tenza ou propiedade de animais por un período de entre un e cinco anos para as infraccións moi graves.

Comentario sobre a proposta de modificación: Consideramos que a inhabilitación debería estar reservada a aqueles supostos máis graves.

ARTIGO 49

1. O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar por razón de exemplaridade que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves, sempre que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 43.1 da presente Lei e, unha vez que as devanditas sancións adquiren firmeza.

Comentario sobre a proposta de modificación: Consideramos que a publicidade do nome do infractor debe quedar reservado aos supostos máis graves, resultando do todo incoherente que por exemplo condutas delituosas relativas aos animais domésticos incluídas no Código Penal (arts.337 y 337 bis) no leven aparelada sen embargo a publicidade da identidade do condenado.

Disposición adicional primeira. Efecto desestimatorio do silencio

1. A resolución expresa dos procedementos administrativos relativos á solicitude de outorgamento das autorizacións dos establecementos do artigo 10 desta lei, deberá ser notificada no prazo máximo de seis meses a partir do día seguinte á presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.



Federación Galega
de Caza



Presidente



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

2. Nos procedementos administrativos relativos ás solicitudes de outorgamento das autorizacións que a continuación se indican, vencido o prazo establecido sen terse notificado resolución expresa, os interesados poden entender **estimadas** as súas solicitudes por silencio administrativo:

-As solicitudes de autorización dos establecementos do artigo 10 desta Lei.

- As solicitudes para a declaración como entidade colaboradora da Administración das asociacións de protección e defensa dos animais.

Comentario sobre a proposta de modificación: *Estimase que o sentido do silencio debe ser positivo.*

Esperamos, e agardamos no nome do colectivo de cazadores galegos que representamos, que as achegas anteriores se vexan reflectidas na nova Lei de Benestar animal, porque os cazadores galegos somos os primeiros interesados en protexer, coidar, e brindarlle o mellor benestar aos nosos animais de caza e fieis compañeiros.

Atentamente,

Santiago, a 12 de abril de 2016

Asdo.: Javier Nogueira Diz
PREISDENTE